

Explica o proceso de formación da monarquía hispánica partindo dos seguintes documentos. Debes salientar:

- 1º. A importancia das políticas aplicadas polos Reis Católicos: unión dinástica dos reinos, reorganización administrativa, alianzas matrimoniais.
- 2º. A herdanza territorial de Carlos e as dificultades internas e externas do seu reinado: comuneiros e xermanías, loita contra os protestantes e contra Franza.
- 3º. A política exterior durante o reinado de Felipe II: Portugal, Franza, Flandes e Inglaterra.
- 4º. A importancia das colonias americanas para a España moderna.

Docto 1: Cédula de creación da Real Audiencia por Fernando e Sabela I o 3-VIII-1480


Por canto sabemos que no noso reino de Galicia se fixeron e cometeron moitos males, mortes, roubos, balbordos, escándalos, levantamentos de pobos e tomas das nosas rendas, impostos e dereitos e outros danos e excesos, e aínda se fan e cometen algunhas destas cousas... Nós, considerando isto e para gobernar e manter os nosos pobos en calma e xustiza e defender os nosos súbditos e naturais de toda opresión e violencia...,confiando en vós, Fernando de Acuña, o noso capitán e do noso Consello, e de vós, o licenciado García López de Chinchilla, oidor da nosa Audiencia e do noso Consello... pola presente vos facemos e constituímos nos nosos xuíces en todo o noso Reino de Galicia... e que vós, o dito don Fernando, vos chamedes Xustiza Maior en todo o Reino. Mandamos a ambos que vaiades ao dito reino de Galicia e a todas as cidades, vilas e lugares onde consideredes que é necesario e que, como xustizas nosas, usedes e exerzades en todo el a xustiza e xurisdición civil e criminal.

Docto. 2: Sentenza e execución dos principais dirixentes comuneiros (24-IV-1521, trad. do castelán)

Xoán de Padilla foi preguntado se foi capitán das comunidades,e se pelexou contra o servizo das SS MM. Dixo que é verdade que foi capitán da xente de Toledo e que estivo... coas xentes das comunidades e que pelexou contra o Condestable e Almirante de Castela, gobernadores destes reinos, e que foi a prender aos do Consello e Alcaldes das SS MM. O mesmo confesaron Xoán Bravo e Francisco Maldonado ter sido capitáns da xente de Segovia e Salamanca... Este día,os señores alcaldes Cornejo,Salmerón e Alcalá dixeron que declaraban e declararon a Xoán de Padilla,a Xoán Bravo e a Francisco Maldonado como culpables de traidores á Coroa Real destes reinos,e en pena do seu maleficio dixeron que os condenaban e condenaron a pena de morte e a confiscación dos seus bens e oficios para a cámara das SS MM como a traidores,e así o asinaron. E logo, inmediatamente,executouse a sentenza e foron degolados.

Docto. 3: Leis Novas de Indias (1542).

1. Los indios son libres y deben ser tratados como tales, según ordenan los Reyes.
2. Los indios han de ser instruidos en la fe, como mandan las bulas pontificias.
3. Los indios tienen obligación de trabajar, sin que ello estorbe a su educación en la fe, y de modo que sea de provecho para ellos y para la república.
4. El trabajo que deben realizar los indios debe ser conforme a su constitución, de modo que lo puedan soportar, y ha de ir acompañado de sus horas de distracción y de descanso.
5. Los indios han de tener casas y haciendas propias, y deben tener tiempo para dedicarlas a su cultivo y mantenimiento.
6. Los indios han de tener contacto y comunicación con los cristianos.
7. Los indios han de recibir un salario justo por su trabajo.



Docto. 6: Felipe IV coas súas catro donas

